

NOME CIENTÍFICO

Phytolacca dioica

Descrición:

Aínda que morfoloxicamente é unha árbore trátase, en realidade, dunha planta arborescente. Presenta características similares ás das herbas, como a súa estraña madeira branda e esponxosa, que pode ser cortada cun coitelo, ou o seu tronco sen aneis de crecemento.

Pode acadar un gran porte, duns 10-15 metros de altura, cunha copa moi ampla e grandes raíces visibles.

Familia: Phytolaccaceae

Orixe: É característico da pampa sudamericana, concretamente unha rexión comprendida entre Argentina, Uruguai e o extremo sur de Brasil

Nome Común: Ombú (en guaraní significa sombra)




98



99

As súas follas son perennes, de forma enteiras, ovaladas (10x3 cm. aprox.) e de marxe enteiro.



97

As súas flores teñen cor esbrancuxada e aparecen en acios. Son unisexuais.

O seu froito é unha baía de aspecto globoso. Presenta sucos nas sementes.



100

Phytolacca dioica

Hábitat

Nativa da pampa, prefire os climas suaves e cálidos. Non tolera fríos intensos nin xeadas salvo esporadicamente. Prefire os solos húmidos.

Usos ou propiedades

A súa madeira non serve para facer lume nin para carpintería xa que contén grandes cantidades de auga. Porén, a súa maleabilidade fai que sexa moi apreciado na arte dos bonsais xa que pode ser facilmente manipulado para conseguir o efecto desexado. Na pampa é moi apreciado como refuxio tanto en días moi calorosos como en temporais. As súas follas son usadas as veces como laxante.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Aparecen xeralmente como espécimes illados aínda que ás veces se atopan agrupacións importantes como a “Isla de los ombúes” en Cerro Arrequita en Uruguai. Tres exemplares desta especie figuran na lista de árbores senlleiras de Galicia: O da Torre de Sta Cruz en Oleiros, o do Pazo de Ortigueira en Vedra e o do IES do Castro en Vigo.